



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

### ACTA Nº 2023/11

#### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 30 DE NOVEMBRO DE de 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:** ALFREDO DOVALE PEDREIRA

**ASISTEN:** PP

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ  
JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ  
MIGUEL FREIRE GÓMEZ  
AZUCENA CAO SIERRA  
FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

PSOE  
ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS  
MARTÍN REGO BAAMONDE

**AUSENCIAS:**PP

ENRIQUE OTERO REY

**SECRETARIA-INTERVENTORA:** MARIA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

#### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión anterior, polo Sr. Rego Baamonde maniféstase: *“En contra da aprobación pola razón de sempre, estamos no século XXI e ter que seguir usando escribas”*.

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros asistentes do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do P.S. de G-PSOE, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 28 de setembro de 2023.

#### 2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da Alcaldía e o Pleno queda enterado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

das seguintes:

Nº Decreto	Asunto
00249/2023	APROBACIÓN ASIGNACIÓN FUNCIONS EN MATERIA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN (ENS).
00250/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 10/2023.
00251/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN REALIZACIÓN CARTEL CONVENIO INCENDIOS.
00252/2023	APROBACIÓN PERMISO DE VACACIONS E PERMISO DE ASUNTOS PROPIOS SETEMBRO 2023.
00253/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN TÉCNICO DE ARQUIVO.
00254/2023	APROBACIÓN PADRÓN SAF MAIO 2023.
00255/2023	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
00256/2023	APROBACIÓN CONCESIÓN AXUDA MUNICIPAL POR NACEMENTO DE FILLO.
00257/2023	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00258/2023	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00259/2023	APROBACIÓN ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00260/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DENTRO DO PROGRAMA LER CONTA MOITO 2023: “FRUMARIO O BIBLIOTECARIO”.
00261/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN ENTRO DO PROGRAMA REDE CULTURAL 2023: “QUEN TEN CU, TEN MEDO!”.
00262/2023	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
00263/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DAS AXUDAS PARA FINANCIAMENTO DE ACTUACIONS EN MATERIA DE ARQUIVOS
00264/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN REALIZACIÓN CARTEL - SUBMINISTRO MOBILIARIO EN ÁREA RECREATIVA DE AUGAS CAÍDAS E OUTRAS ( 2ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2021).
00265/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DAS AXUDAS PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO, CON DESTINO Á BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL 2023
00266/2023	APROBACIÓN PADRÓN SAF XUÑO 2023.
00267/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 18/2023.
00268/2023	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
00269/2023	APROBACIÓN PADRÓN ABASTECIMENTO DE AUGA 4º TRIMESTRE 2022
00270/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DAS AXUDAS PARA A MELLORA DAS COLECCIONS BIBLIOGRÁFICAS
00271/2023	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA RENOVACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

	ALUMEADO ESTRADA A ESTEIRO E OUTROS – FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023.
00272/2023	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº 22
00273/2023	APROBACIÓN PERMISO DE VACACIÓNS E PERMISO DE ASUNTOS PROPIOS OUTUBRO 2023.
00274/2023	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA DO VIARIO DE ACCESO A PENABLANCA E PEDRARES – PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024.
00275/2023	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA PADRÓN DE HABITANTES.
00276/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 19/2023.
00277/2023	APROBACIÓN CONCESIÓN TARXETA ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.
00278/2023	APROBACIÓN SINATURA DOCUMENTO DA CONCESIÓN DEMANIAL DA ESTACIÓN ORNITOLÓXICA DE ESTACA DE BARES
00279/2023	APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SEITURA22.
00280/2023	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº 23.
00281/2023	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº 24.
00282/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN "LER CONTA MOITO".
00283/2023	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.
00284/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA - BRIGADA DE PROTECCIÓN DE MEDIO AMBIENTE E ESPAZO NATURAL
00285/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA - RENOVACIÓN ALUMEADO ESTRADA A ESTEIRO E OUTROS
00286/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN CONTROL DE CALIDADE DA OBRA MELLORA DE VIARIO DE ACCESO A PENABLANCA E PEDRARES (PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2023-2024)
00287/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN LILA TEATROS DENTRO DO PROGRAMA REDE CULTURAL 2023.
00288/2023	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
00289/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN DE AMBULANCIA PARA O I TRAIL DO CONCELLO DE MAÑÓN 2023.
00290/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ADQUISICIÓN DE TROFEOS PARA O I TRAIL DO CONCELLO DE MAÑÓN 2023.
00291/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS ACT. CULTURAIAS.
00292/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SEGURO DE ACCIDENTES PARA O I TRAIL DO CONCELLO DE MAÑÓN 2023.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00293/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 20/2023.
00294/2023	APROBACIÓN CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS Nº 2/2023.
00295/2023	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SERVIZOS MULTISPORTS GALICIA, S.L.U. PARA A ORGANIZACIÓN DO I TRAIL DO CONCELLO DE MAÑÓN 2023.
00296/2023	APROBACIÓN PERMISO DE VACACIÓNS E PERMISO DE ASUNTOS PROPIOS NOVEMBRO 2023.

### 3.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS. (Expte.: 2023/T002/000025)

Polo Sr. Alcalde dáse conta do expediente tramitado para a aprobación inicial das modificacións de créditos na modalidade de transferencia de créditos.

Rematada a intervención o Sr. Rego Baamonde manifesta: “Se nos ían a pasar os códigos de contabilidade porque se non hai que empezar a adiviñar para que se vai a utilizar cada cousa.”

Sometido o asunto a votación, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular asistentes á sesión e a abstención dos Concelleiros do P.S. de G-PSOE, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 2023//T002/000025, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distintas áreas de gasto por importe de 59.600,00 euros, co seguinte detalle:

Partida orixe	Partida destino	Importe
920.62200	1531.61900	12.500,00
453.61900	160.61900	19.200,00
	160.63300	9.600,00
	323.63200	9.300,00
231.22706	161.22706	9.000,00

SEGUNDO.- Expoñer ó público a expediente mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días hábiles, durante os que os interesados poderán examinar e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

### 4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM, SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL. (Expte.: 2021/U032/000001).

Polo Sr. Alcalde dáse conta do expediente tramitado para a aprobación inicial da modificación puntual nº 1 do PXOM, solo rústico de protección forestal. (Expte.: 2021/U032/000001).

Rematada a exposición, o Sr. Rego Baamonde manifesta: “Para aprobar ou desaprobar tiñamos que telo visto antes.”

Sr. Alcalde: “Ti sabías da modificación.”

Sometido o asunto a votación, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do P.S. de G-PSOE, cumprindo, polo tanto, co establecido no artigo 47.2 ll) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, polo Pleno adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Proxecto de modificación puntual nº 1 do PXOM de Mañón, solo rústico de protección forestal, redactado polo Arquitecto, D. Isidro López Yáñez.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública por un prazo de dous meses,



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira, para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### 5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciado o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde concede a palabra e inicia as intervencións o Sr. Rego Baamonde que formula as seguintes:

- *“Hai meses, anos, que levo falando da comunicación á Xunta de Galicia da saída á AC-101, vexo que iso non vos preocupa.”*

Sr. Alcalde: *“Fai pouco que estiveron colocando sinais novas.”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“Vaise solicitar ou seguides pasando.”*

Sr. Alcalde: *“Vaise solicitar.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“Limpeza das vías públicas, para cando queda.”*

Sr. Alcalde: *“Estamos en Mañón, estase traballando continuamente.”*

O Sr. Rego Baamonde pregunta: *“Cantos Qm hai de vías no Concello.”*

Sr. Alcalde: *“Hai bastantes.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Gustaríame que mo dixeras.”*

- O Sr. Rego Baamonde pregunta: *“O camiión como está.”*

Sr. Alcalde: *“Quedou deserto.”*

Sr. Rego Baamonde: *“E o tractor.”*

Sr. Alcalde: *“Aínda non se sacou.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“A recollida dos plásticos agrícolas, o problema existe, como se vai a facer.”*

Sr. Alcalde: *“Cada un terá que facer acopio dos plásticos, recolleranse polo Concello co que se reducirá no resto dos contenedores.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Isto conleva un problema: moitas explotacións están recurrido ás axudas da PAC e en caso de inspección necesítase un papel de que se entregaron os plásticos agrícolas; o 80 por cento do plástico agrícola figúrase que aparecerá nos contenedores normais; iso é unha negligencia pola vosa parte porque o responsable de recoller eses plásticos é o Concello.”*

Sr. Freire Gómez: *“O plástico ten que ser recollido por un xestor autorizado e o Concello non é xestor autorizado.”*

Sr. Rego Baamonde: *“En caso de que vulneremos o da recollida, a sanción venos a nosoutros por algo que o Concello non fai.”*

Sr. Freire Gómez: *“Pero a gandaría é unha empresa e ten que ter o seu xestor.”*

Sr. Calvín Fondevila: *“Pódese preguntar como fan noutros sitios.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Esa responsabilidade alguén a debería ter, o gandeiro porque non se lle recollen os plásticos non debería tela; deberíades concienciar á cidadanía dos problemas dos plásticos agrícolas, hai que darlle solución xa. Ides a facer algo?”*

Sr. Alcalde: *“O do camiión era para eso.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“En moitas interseccións do Concello as sinalizacións non existen.”*

Sr. Alcalde: *“Hai que solicitar subvención e colocar unhas novas.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“Outra cousa que levo falando vinte veces: a iluminación da Ponte do Barqueiro.”*

Sr. Alcalde: *“Roubárono todo.”*

Sr. Rego Baamonde: *“Pero haberá que volver a poñelo.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“Teño tamén a vía de alta capacidade que ía pasar por aquí, aínda non chegou nin ten vías.”*



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Sr. Rego Baamonde pregunta: “A xestión da auga como foi.”

Sr. Alcalde: “Dende o primeiro momento se informou á xente; había pouca auga no río, había arrastres e ó aplicar o cloro xerou Trihalometanos; meteuse menos cloro para evitalos; no caso de Mañón os metais pesados, que son de 20, tínhamos 22.”

Sr. Rego Baamonde: “En relación co tema dos sedimentos, temos un grave problema no sistema de explotación madeireira; a calquera gandeiro lle obrigan a traballar según a curva de nivelación, pero ás explotacións madeiras non, non se fan filtros para que os sedimentos queden depositados fora do río; no forestal está permitido todo, se o rendemento económico se carga a salubridade da auga paréceme fóra de tono. En canto os metais está o tema da aplicación de produtos permitidos pola Xunta de Galicia da planta das Somozas, a lixiviación de todos eses metais, as capas freáticas das que se abastecen os pozos traballan a varios quilómetros; os metais veñen neses abonos; eu non aplico ningún deses abonos.

Entonces, ¿parécenos que a xestión da auga foi a axeitada?

Sr. Alcalde: “Entendemos que si.”

Sr. Rego Baamonde: “Sorpréndeme que algo tan fácil como copiar non se faga; vimos que en Betanzos había unha xente cuns camións, repartindo auga, eso é xestión; teríades que ter posto a posibilidade dunha cisterna de auga.”

Sr. Alcalde: “Si estivéramos máis tempo, habería que tomar outras medidas.”

Sr. Rego Baamonde: “Copiar é máis fácil que inventar”

Sr. Alcalde: “Naide protestou nin dixo nada.”

Sr. Rego Baamonde pregunta: “Entonces a xestión foi boa.”

Sr. Alcalde: “Consideramos que si.”

- Sr. Rego Baamonde: “A evolución do coste da basura subiu, vexo que nos últimos anos hai Concellos que baixaron o coste.”

Sr. González Trasancos: “Eu vexo que os coche da basura recolle madeira, sillas, televisións; a metade é xente que ven de fora, que limpa súa casa e que a deixa alí.”

Sr. Freire Gómez: “Eso é cousa de cada persoa.”

Sr. González Trasancos: “Igual tínhamos que poñer un carteliño.”

Sr. Rego Baamonde: “Igual ás veces tirar das orellas funciona, pero ó mellor tirar das orellas non funciona para outras cousas.”

- Sr. Rego Baamonde: “Residencia de terceira idade, como vai.”

Sr. Alcalde: “En eso estamos.”

- Sr. Rego Baamonde pregunta: “Canon da canteira.”

Sr. Alcalde: “Teño que traercho.”

- Sr. Rego Baamonde: “Hai que recuperar os anchos das vías.”

Sr. Alcalde: “Eu procuro darlle o máis ancho que pode.”

Sr. Rego Baamonde: “Os anchos da vía foron degradados, primeiro con maleza e posteriormente se volve a degradar coas obras; de eso sei máis que os que estades aquí.”

Sr. Alcalde: “Si ven o proxecto a tres metros.”

Sr. Rego Baamonde: “Mídese a vía cando xa está degradada: a vía que se fixo dende a Igrexa ó Campo do Pedrón saíron camións, e camións da orilla das cunetas que non era material das cunetas; as cunetas eran de 60 o 80 e agora son de un metro; é necesario que sacarades unha partida para recuperar esas vías.”

- Sr. Rego Baamonde: “Hai meses, anos que se ía aprobar unha ordenanza forestal.”

Sr. Alcalde: “Vamos a preparala.”

- Sr. Rego Baamonde: “Animais mostrencos, hai que poñerse en contacto co Concello de Ortigueira porque os animais pasan dun lado para outro; facer un acordo para xestionalo entre ambos Concellos.”

- Sr. Rego Baamonde pregunta: “O Padrón, como plantexades actualizalo.”





## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. Alcalde: *“Non digo que está ben, pero para min tampouco está mal, si empezo a nombrar tamén aparecería algún que non che gustaría.”*

Sr. Rego Baamonde: *“O Padrón ten que ser real, non pode ser ficticio, podemos nomear os dous tenentes de alcalde.”*

Sr. Calvín Fondevila: *“Desde que nacín non me empadroeí en ningún outro sitio.”*

Sr. Rego Baamonde: *“A obrigación é estar empadroado onde se vive.”*

Sr. Alcalde: *“Non estamos buscando xente para empadroar.”*

Sr. Calvín Fondevila: *“Eu quero ser de Mañón.”*

Sr. Alcalde: *“Canta máis xente teñamos mellor para o Concello.”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“Presuposto para rexistrar camiños.”*

Sr. Alcalde: *“Habería que metelo no Presuposto deste ano.”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“O Abeiro, como está.”*

Sr. Alcalde: *“Está adxudicado e van a abrir para primeiro de ano.”*

- Sr. Rego Baamonde: *“O ano pasado cando vín o cartel de Festa do Marisco, cal e a razón de que non apareza que a organiza o Concello, a organización segue sendo un limbo, parece que non se quere poñer que o Concello é o que organiza. Cal é o presuposto.”*

Sr. Alcalde: *“Sobre 45.000 euros.”*

Sr. Rego Baamonde: *“ Cal é a previsión.”*

Sr. Alcalde: *“A asistencia sobre 1.200 persoas.”*

- Sr. González Trasancos: *“No fabriqué en Bares habería que poñer algo nas portas porque pode haber calquera cousa.”*

- Sr. González Trasancos: *“No coído de Bares, axudou algo o mar pero segue estando a area.”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“Non se vai a sacar a area.”*

Sr. González Trasancos: *“Si se lle axuda, sácase.”*

- Sr. González Trasancos: *“Os contenedores de basura quedaron sen lavar, houbo unha boa oportunidade, levantar as tapas cando choveu e limpalos un pouco.”*

Sr. Alcalde: *“Hay que traerlos para a nave, non procede limpalos no calle.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“As luces, cando van a arreglalas.”*

Sr. Alcalde: *“Hai un automático fastidiado, mandouse a Bares.”*

Sr. González Trasancos: *“Estaban na depuradora; hai zonas, pola parte de abaixo, que solo ten unha bombilla.”*

Sr. Alcalde: *“Xa se deu o aviso.”*

- Sr. González Trasancos: *“Ría do Barqueiro, íase rexenerar, habería que ver de rexenerala.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“Caseta dos paxaros.”*

Sr. Alcalde: *“É propiedade do Concello e realizáronse obras.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“Bandeiras Azuis, estades mirando algo, non haberá que esperar para o verán.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“Gravación dos Plenos, que.”*

Sr. Alcalde: *“Por agora non.”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“En Bico do Seixo, no se poder pasar un magueirazo.”*

Ás 21:22 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira